

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO O 08.05.2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 18.05 h. do 08.05.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión ordinaria.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste o concelleiro:

Iván Puentes Rivera

Secretario accidental:

Fernando Aradas García

Interventor en réxime de acumulación:

Manuel Larrosa Martínez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria urxente do 28.04.2014

Non habendo obxeccións, a acta queda aprobada.

2. Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o número 202/2014 á 390/2014

A continuación o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, pregunta respecto da Resolución da alcaldía 273/2014 relacionada coa "I Exaltación Mariñeira de Fene". O alcalde contéstalle que se trata da solicitude dunha subvención que concede o Grupo de Acción Costeira GAC2 para tratar de sacar adiante unha feira mariñeira en colaboración coa Confraría de Mariscadores de Barallobre.

Non habendo máis intervencións, os concelleiros danse por informados.

3. Dación de conta da Resolución da alcaldía 248/2014 do 25.03.2014 en relación cos marcos orzamentarios período 2014/2017

A continuación o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, quere deixar constancia das dúbidas que lle ofrece facilitar este tipo de información porque, por exemplo, o gasto de persoal no 2017 é menor que no 2014 cando se supón que neste tempo abrírase por exemplo a oferta de emprego público, o que evidencia a pouca validez que teñen estes datos.

Os concelleiros danse por informados.

4. Dación de conta do informe de Intervención e Tesourería correspondente ao 1º trimestre de 2014 sobre o cumprimento das previsión establecidas na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Os concelleiros danse por informados.

5. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 2/2014

Consta no expediente a Memoria xustificativa da concesión do crédito extraordinarios do 21.05.2014:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONCESION DE CREDITO EXTRAORDINARIO

En cumprimento do preceptuado no artigo 37.2 del Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, a Presidencia da Corporación eleva a coñecemento do Concello Pleno a seguinte memoria explicativa.

Necesidade do Crédito extraordinario.

A necesidade de conceder un crédito extraordinario dentro do orzamento deste Concello para 2012, prorrogado ó 2014, xustifícase nas razóns que se expoñen na providencia de inicio de expediente.

Tendo en conta que o orzamento do exercicio 2012, prorrogado ó 2014 non contén créditos dispoñibles para a asunción destes gastos.

A imposibilidade de demora-lo gasto a exercicios futuros está xustificada nas razóns expostas na providencia de inicio do expediente así como na providencia dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2014.

Carácter do gasto proposto:

O gasto proposto ten carácter específico e determinado por canto atende a fins concretos, que son os de creación dunhas novas partidas con dotación orzamentaria inicialmente non prevista no Orzamento para 2012, prorrogado e así poder facer fronte ós gastos comprometidos de exercicios anteriores, isto é, facturas vencidas, líquidas e esixibles contabilizadas con anterioridade que se atopan pendentes de recoñecemento extraxudicial de crédito, e polo tanto, pendentes de pago.

Clase de modificación que se propón e aplicacións orzamentarias ás que afecta.-

Dado que no Orzamento para o exercicio 2012, prorrogado non existen previsións para acomete-los gastos cuxa cobertura se pretende, estaríamos ante una modificación orzamentaria baixo a modalidade de créditos extraordinarios.

A vista do anterior, a Alcaldía propón que se tramite expediente de concesión de créditos extraordinarios conforme ó previsto no artigo 177 do RDL2/2004 e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril. Este tipo de modificación é o que, en principio e a salvo do informe de Intervención ó respecto, se considera máis adecuado.

As aplicacións orzamentarias afectadas polo expediente, son as seguintes:

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528.30
155/21090	Infraestructuras. REC	2516.80
161/21090	Infraestructuras. REC	113.99
161/22190	Energía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestructuras. REC	216.83
162/22190	Energía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415.30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596.00

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
164/21090	Infraestruturas. REC	1478.23
165/21090	Infraestruturas. REC	315.11
165/22190	Enerxía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601.35
221/16290	Seguros. REC	992.03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servicios. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servicios. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servicios. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servicios. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestructura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 164.906,83 EUROS.

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2012.

O importe total da modificación proposta ascende a 206.444,08 €.

Fene, a 21 de abril de 2014.
O Alcalde,
Asdo: Gumersindo P. Galego Feal”



Consta no expediente o informe do interventor acumulado do 21.04.2014:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE CREDITOS EXTRAORDINARIOS Nº 2/2014.

Emítase o presente informe en cumprimento do exixido polos artigos 177.2 del Texto Refundido de la Lei RFL e 37.3 do RD 500/1990.

Normativa aplicable.

1. Lei Reguladora das Bases del Réximen Local.
2. Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locales.
3. Real Decreto 500/1990 que aproba el Regulamento Presupostario.
4. Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012, prorrogado.
5. Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

Consideracións.

1. A pretensión da Alcaldía de tramitar expediente de créditos extrordinarios considérase procedente, toda vez que a causa invocada é congruente co previsto no artigo 177.1 de la Ley de Haciendas Locales e artigo 35 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

2. O Alcalde é órgano competente para ordenar a incoación do expediente, por así telo previsto o artigo 177.1 da Lei de Facendas Locales e artigo 37 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

3. A documentación existente no expediente é a ordenada no artigo 37, puntos 1 e 2 do referido Real Decreto.

4. Acompañanse ó expediente os certificados e informes de Intervención acreditativos da inexistencia de crédito, co que se cumpre co preceptuado no articulo 37.2 letra b.

5. Na Memoria de Alcaldía motivase o carácter específico e concreto dos gastos e afirmase a imposibilidade de demora-los a exercicios futuros .
Sen perxucio das motivacións efectuadas pola Alcaldía, e en tanto que a tramitación do presente expediente responde á necesidade de habilitar crédito para facer fronte a facturas que serán obxeto de recoñecemento extraxudicial de crédito, esta Intervención remítase neste punto ó informe relativo ó recoñecemento extraxudicial de créditos nº 2/2014.

6. Propónse que o crédito extraordinario se financie con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2012, de conformidade co previsto no artigo 36.1 c) do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

No artigo primeiro, apartado doce, do Anteproxecto de Lei Orgánica de control de débeda comercial no sector público, recóllese unha nova disposición adicional na LO 2/2012, de 27 de abril, que sería a sexta co seguinte texto:

“Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario.

1. *Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurren estas dos circunstancias:*
 - a) *Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las haciendas locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*
 - b) *Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efectos de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*
2. *En los años 2013 y 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*
 - a) *Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta “Acreedores por obligaciones pendientes de aplicar a*



presupuesto”, o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación.

b) en el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en el apartado a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar las operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la corporación local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en cada uno de los citados años 2013 y 2014.

c) Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en el apartado a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramente sostenible.

En 2014, para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el periodo medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad. (...)”

Tendo en conta a modificación do artigo 32 da LO 2/2012, deberase empregar o RTGX a financiar, en primeiro termo, os gastos comprometidos de exercicios anteriores.

Non obstante o anterior, por parte do que suscribe, e sen perxuízo das consideracións realizadas anteriormente respecto á presente modificación, estima IMPRESCINDIBLE A APROBACIÓN NO PRESENTE EJERCICIO DO ORZAMENTO CO FIN DE PODER GARANTIR DESTE XEITO A SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER TODAS AS OBRIGAS COMPROMETIDAS DA CORPORACIÓN. Noutro caso, produciríanse unhas importantes e negativas consecuencias orzamentarias, todo elo sen perxuízo das responsabilidades que, de todo orden, poideran derivarse de conformidade co disposto no TRLRFL.

7. O artigo 37.1 do R.D. 500/1990 indica que os expedientes de suplemento ou crédito extraordinario incoaranse por orden de Alcaldía, pero que a súa tramitación ou incoación efectiva corresponderá ás diferentes unidades administrativas que teñan ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexan responsables dos correspondentes programas. A este respecto, manifestar que, como é habitual no Concello, dita incoación (Memoria xustificativa e demais documentación) foi elaborada polos servizos de Intervención e subscrita polo Alcalde, ante a escasa implicación na xestión orzamentaria e na tramitación de expedientes por parte dos diferentes centros ou departamentos administrativos deste Concello.

O Real Decreto citado e o propio RDL2/2004, de 5 de marzo únicamente encomendan á Alcaldía a orde de iniciación ou de incoación do expediente e á Intervención a emisión do preceptivo informe e das certificaciones que procedan sobre a situación orzamentaria das diferentes partidas, sin encargar nin a un nin a outro órgano a incoación ou elaboración material do expediente.

Procedemento

Para aprobar un expediente de habilitación de crédito a través do procedemento excepcional do Artigo 177.6 TRLRFL, substanciaranse os trámites seguintes:

- a.-Ordeación da incoación do mesmo polo Sr. Alcalde.
- b.-Unha vez formado o expediente, coa documentación e informes precisos, requirese dictame preceptivo e non vinculante da Comisión de Facenda.-art 126.1 Reglamento de Organización, Funcionamiento y Regimen Jurídico de las Entidades Locales.
- c.-Aprobación inicial polo Pleno conforme ó previsto no artigo 177.2 do RDL2/2004 e 37.3 do R.D.500/90 de 20 de Abril. O acordó será inmediatamente executivo e a partir dese momento poderá aplicarse o gasto ó orzamento, sen perxuízo dos trámites posteriores.
- d.-Exposición publica por quince días hábiles, con anuncio no Taboleiro de Edictos e mo BOP (Artículo 169.1 do RDL2/2004 e artigo 20 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, por remisión do artigo 177.2 do RDL2/2004 e artigo 38.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo. E se non as houbera, publicado o anuncio definitivo, entenderase aprobado definitivamente.
- e.-Remítirase copia da modificación á Consellería de Xusticia e Interior e á Dirección General de

Coordinación con las Haciendas Territoriales (artículo 20.4 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril).

Conclusionés.

Infórmase FAVORABLEMENTE o expediente de créditos extraordinarios nº 01/2014- Non obstante, a Corporación, con superior criterio, resolverá o que estime procedente.

Fene, 21 de abril de 2014
O interventor,
Asdo: Manuel Larrosa Rodríguez”

Consta no expediente a proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 abstencións (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.04.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 2/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 02/2014 de Créditos extraordinarios financiados con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do 2012 por un importe global de 164.906,83 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concurrir no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.

O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servicios. REC	2528.30
155/21090	Infraestructuras. REC	2516.80
161/21090	Infraestructuras. REC	113.99
161/22190	Energía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestructuras. REC	216.83
162/22190	Energía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servicios. REC	5415.30
163/22790	Outros Servicios. REC	13596.00
164/21090	Infraestructuras. REC	1478.23
165/21090	Infraestructuras. REC	315.11
165/22190	Energía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servicios. REC	9601.35

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
221/16290	Seguros. REC	992.03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servicios. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servicios. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servicios. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servicios. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestructura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

2º.- Financia-lo expediente nº 2/2014 de crédito extraordinario con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerías do 2012.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 22 de abril de 2014.
O alcalde,
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di este expediente faise para dotar de orzamento o expediente extraxudicial 2/2014 de facturas anteriores ao 31.12.2013.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Aprobar o expediente núm. 02/2014 de Créditos extraordinarios financiados con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do 2012 por un importe global de 164.906,83 € de conformidade co establecido no artigo 177.6 do TRLRFL ó concorrer no presente caso, e segundo o expresado na providencia de inicio do expediente, as circunstancias a que fai referencia o citado artigo.

O detalle é o seguinte:

Aplicacións orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
151/22790	Outros Servizos. REC	2528.30
155/21090	Infraestruturas. REC	2516.80
161/21090	Infraestruturas. REC	113.99
161/22190	Enerxía eléctrica. REC	23.22
162/21090	Infraestruturas. REC	216.83
162/22190	Enerxía eléctrica. REC	985.14
162/22790	Outros Servizos. REC	5415.30
163/22790	Outros Servizos. REC	13596.00
164/21090	Infraestruturas. REC	1478.23
165/21090	Infraestruturas. REC	315.11
165/22190	Enerxía eléctrica. REC	18430.93
179/22790	Outros Servizos. REC	9601.35
221/16290	Seguros. REC	992.03
312/21290	Mantemento edificios. REC	328.71
312/22190	Enerxía eléctrica. REC	6218.19
312/22790	Outros Servizos. REC	77.80
323/21290	Mantemento edificios. REC	285.56
323/21390	Maquinaria, instalacións e outros. REC	5523.09
323/22190	Enerxía eléctrica. REC	1543.96
323/22790	Outros Servizos. REC	4537.35
334/22190	Enerxía eléctrica. REC	14689.74
334/22690	Outros gastos. REC	823.16
341/21290	Mantemento edificios. REC	1200.00
341/22690	Outros gastos. REC	244.14
341/22790	Outros Servizos. REC	3702.56
342/22190	Enerxía eléctrica. REC	12400.66

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
432/22690	Outros gastos. REC	17229.01
432/22790	Outros Servizos. REC	144.00
341/22690	Outros gastos. REC	2783.00
453/20390	Aluguer maquinaria. REC	2819.20
453/21090	Infraestrutura. REC	5202.59
453/21390	Maquinaria, Instalacións e outros. REC	672.52
453/21490	Mantemento, reparación vehículos. REC	3782.62
453/22190	Enerxía eléctrica. REC	5017.05
453/61990	Outros invest. Reposic. Infr.. REC	18406.42
920/21290	Mantemento edificios. REC	584.43
920/22190	Enerxía eléctrica. REC	436.43
920/22290	Comunicacións. REC	41.41

2. Financiar o expediente núm. 2/2014 de crédito extraordinario co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do 2012.

3. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido 2/2004 da Lei Reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

4. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

6. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2014

Consta no expediente a proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 5 abstencións (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.04.2014:

“Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDIA
ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2014 .

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 21 de abril de 2014 polo que se incoa o presente expediente.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 2/2014 por un importe total de 164.906,83 € e que transcrito di:

“DE INTERVENCIÓN
O CONCELLO PLENO

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito polo Concello-Pleno nº 2/2014.

I.- LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- Real Decreto 1619/2012 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2012, prorrogado ó 2014.
- Lei 27/2013, de 27e decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

II.- ANTECEDENTES

Con data de 21 de abril, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Concello-Pleno ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 164.906,83 €. A relación de facturas é a F/2014/13 que se achega no expediente.

III- INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito.

Terceiro.-Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que

"no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.



Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.-Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/12, prorrogado, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial".

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existe crédito disponible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter simultáneo á tramitación do presente expediente o expediente modificativo de crédito CE 02/2014 co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno de conformidade co previsto nas BEO/12. Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.
- Data ou período de realización.
- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC , no seu caso."

En base ó anterior, esta Intervención considera que con carácter simultáneo a este expediente deberá aprobarse o expediente de crédito extraordinario ante a inexistencia de aplicacións orzamentarias específicas no orzamento.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1619/2012 , polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante o anterior, e coas limitacións temporales que impiden á Intervención realizar un exame mais exhaustivo de todas e cada unha das facturas é polo que as presentes consideracións poderían ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO/12, prorrogado, o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2014 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas a que se fai referencia e polos motivos expostos no apartado de observacións e de conformidade en relación coas restantes facturas.

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio do que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido no artigo 60 do TRRL dispónse que:

“Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

“1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

- Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembro cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella.”

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

“Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella.”

Así mesmo deberase ter en conta o establecido nos artigos 176 a 182 da LXO; no artigo 176 da citada Lei establécese que:

“Las autoridades y demás personal al servicio de las entidades contempladas en el artículo 2 de esta ley que por dolo o culpa graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta ley, estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública Estatal o, en su caso, a la respectiva entidad los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder.”



* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2013 que teñen a consideración de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real e incidindo negativamente nas previsións orzamentarias, e no equilibrio orzamentario real.

*Comercial:

Así mesmo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos provedores.

OBSERVACIONES

- Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos (debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo) as seguintes facturas:

1/Facturas de GAS NATURAL SUR SDG SA, polo concepto de subministros eléctrico e de gas nas dependencias municipais.

2/Facturas de ÁREA SERVICIO VILAR DO COLO SL, polo concepto de subministro combustible a vehículos municipais.

3/Facturas de APLICACIONES PARA CRISTALIZADOS SL polo concepto de servizo de limpeza end dependencias municipais.

4/Facturas de COMERCIAL MANIÑOS SL, polo concepto de subministrso de ferramenta e materiais.

5/Facturas de RIC OCABAÑAS SL, por servizo de limpeza e subministro de materiais.

6/Facturas de ZONAS VERDES ANIBAL SOTO, en concepto de servizos de recollida de lixo, limpeza viaria e obras de mantemento en prazas e vías públicas.

7/ Facturas de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO SA, polo concepto de honorarios pola redacción de proxectos

8/ Facturas de GAS NATURAL SERVIXIOS SDG, SA, polo concepto de subministro eléctrico,

Nestes casos reitéranse as observacións realizadas pola Interventora Municipal (que motivaron a emisión de informes de reparo suspensivo) en anteriores informes de fiscalización en atención á non consideración destes contratos como menores ó abeiro do TRLCSP así como a prohibición xeral de proceder á contratación verbal prevista no TRLCSP. Neste caso, os expedientes están formados unicamente polos facturas debidamente conformadas.

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode concluirse que:

- O concello procedeu á contratación verbal das servizos, suministros contratación que se atopa prohibida polo LCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Fene, 24 de abril de 2014
O interventor acumulado,
Asdo. Manuel Larrosa Rodríguez"



Logo de ver que o RD Ley 8/2013, de 28 de xullo ten como obxectivo conseguir que a Administración local pague ós seus provedores saneando deste xeito a débeda comercial acumulada.

Considerando que simultaneamente ó presente expediente se somete a aprobación dun expediente modificativo de crédito na modalidade de crédito extraordinario que habilita o crédito necesario para dar cobertura orzamentaria a este recoñecemento extraxudicial de crédito, expediente que se financia có Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais do 2012 ao abeiro do disposto na D.A 6ª da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Considerando que no informe de intervención de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditosponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaríase a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizan, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2012, prorrogado non existe crédito adecuado para proceder á imputación destes gastos o que implica que ó tratarse de facturas do exercicio anterior e sen crédito a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Concello-Pleno.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que, previo dictame da Comisión de Facenda, polo Concello-Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.-- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2014 por un importe total de 164.906,83 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario nº 2/2014 e entrada en vigor da citada modificación orzamentaria.

2º.- A conseguinte aprobación, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta no listado F/2014/13
Fene, 21 de abril de 2014

Fene, 21 de abril de 2014
O Alcalde,
Asdo. Gumersindo P. Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di a modificación orzamentaria do punto anterior foi para poder facer o pagamento das facturas que tiveron entrada no Concello antes do 31.12.2014 e que non puideron ser pagadas antes do remate do ano.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que co seu sentido do voto favorecerán que se poidan pagar estas facturas aos provedores que é o xusto e normal. Por outra banda, quere aproveitar o momento para pedirlle ao goberno a mesma responsabilidade que ten a oposición, xa que se estase a ver que vostedes achacan aos gobernos anteriores cuestións como contratos verbais ou contratacións con empresas

C.I.F.: P-1503600-G

que rematan os contratos e seguen a prestar servizos, por iso quere lembrarlles que a propia intervención lles lembra que hai ata 8 empresas coas que vostedes manteñen este tipo de contratos. De todos os xeitos isto non vai impedir que estas facturas se aproben e tampouco van votar a favor porque entende que hai unha parte que non controlan deste proceso e entende que lle corresponde asumir ao goberno que esas contratacións foron realizadas correctamente e polo tanto asumir o seu pagamento. Por outra banda, hai case unha semana que pedíronlle ao goberno municipal información respecto do resto de facturas correspondentes ao 2013 que non se puideron pagar no seu momento e que terán que vir a outro extraxudicial. Dita información aínda non se lles facilitou e cónstalle que dita información xa consta nos servizos económicos municipais e que era doado achegárllela, xa que se importante é que o que ven aquí veña ben, tamén é importante saber o que queda, canto é e porque queda. Con isto o que di é que a información non foi suficiente cando pensa que houbo tempo dabondo para facilitala.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que o dos contratos trátase dun tema recorrente do que xa se ten falado en moitas ocasións. Anuncia que o seu grupo vaise abster.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, Maria Carmen Martínez Rodríguez, que di que non vai votar a favor e que se absterá para facilitar o pagamento das facturas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ao expediente de recoñecemento extraxudicial núm. 2/2014 por un importe total de 164.906,83 €, condicionando, en todo caso, a súa efectividade á aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario núm. 2/2014 e entrada en vigor da citada modificación orzamentaria.

2. A conseguinte aprobación, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación de acordo co detalle que se adxunta no listado F/2014/13.

7. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 5 votos a favor, (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.04.2014:

"Juventino Trigo Rey, portavoz do BNG no Concello de Fene presenta, ao abeiro da lexislación vixente a seguinte;

MOCIÓN PARA A REVISIÓN DA FACTURACIÓN DO CONSUMO ELÉCTRICO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existen numerosas reclamacións de numerosos concellos galegos pola facturación indebida da electricidade, polo que estes cobros indebidos se están a producir de forma xeneralizada en todo o país. Nalgúns casos a distribuidora eléctrica aplicou a tarifa diúrna cando as institucións locais contrataran a nocturna para o alumeadado público, había facturas duplicadas, multiplicacións mal feitas, ausencia de contadores, cobros de tramos equivocados e moitos máis erros que o persoal técnico especializado detectou e que afecta gravemente as precarias economías locais. E o máis grave, mesmo se lles facturaban aos concellos por conceptos contrarios á lexislación eléctrica. Máis que de erros puntuais, estamos a falar dunha estafa claramente organizada polas distribuidoras eléctricas.



Ante estas reclamacións, algunhas empresas subministradoras de enerxía pretenden devolver só a facturación cobrada indebidamente no último ano, xa que consideran os cobros indebidos como erros de lectura ou despistes administrativo, cando é evidente a estafa, pois chegaron a cobrar por conceptos contrarios á lexislación.

A Fegamp recoñece ter acumuladas queixas de máis de 130 alcaldes e alcaldesas por facturación excesiva do alumeadado público. En abril de 2013, colgaba na súa páxina web a nova do inicio de conversas cos directivos das eléctricas na Galiza para pór fin á situación de impotencia de alcaldes e alcaldesas, destacando a desproporción das facturas estimadas respecto ao consumo habitual, o incumprimento das tarifas contratadas e dos descontos acordados, a discrecionalidade das eléctricas para aplicaren a facturación mensual ou bimensual e o descontrol na emisión das facturas duplicando e remitindo algunhas que xa foran pagadas polos concellos.

A Fegamp, co obxectivo de amparar os concellos que tiveran que reclamar ou acudir a contenciosos, asinou o pasado ano un convenio coa Consellaría de Industria que non se aplicou "por problemas burocráticos", deixando os concellos só con apoio "moral".

Diferentes gobernos municipais de de todo o país, como por exemplo o de Pontevedra, están demandando que a compañía devolva os cartos que cobrou a maiores desde o ano 2009. Porén, a maioría dos concellos non teñen persoal suficiente para analizaren polo miúdo as facturas eléctricas, e moitas delas esquécese ou pásanse por alto.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Iniciar unha revisión de todas as facturas emitidas pola empresa de distribución de enerxía eléctrica ao concello, cando menos desde o ano 2009, para detectar posíbeis erros e cobros indebidos.

1. Realizar un estudo para avaliar as condicións da subministración eléctrica e, de ser o caso, promover un concurso público para conseguir a mellor oferta de subministración.
2. Interpor as reclamacións oportunas contra a empresa, no caso de se detectaren facturacións indebidas, para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009.
3. Instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar os concellos que tiveren que reclamar.
4. Instar á xunta de Galiza a que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que logo de ver o acontecido nos últimos tempos pensa que esta moción pode ser aprobada por unanimidade. Sabe que a Deputación Provincial está a facer este tipo de asesoramento e por iso, no caso de que o concello non teña medios lle solicite á Deputación o asesoramento correspondente para poder facer esta reclamación.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que en primeiro lugar quere pedir desculpas pola ausencia do voceiro do grupo que non pode asistir por motivos profesionais. Respecto da moción anuncia que o PSOE votará a favor porque entenden os problemas que está xerando o modelo de xestión do mercado eléctrico, non só para os concellos senón tamén da sociedade en xeral. Fálase dun sector que ten uns comportamentos absolutamente irregulares, de empresas eléctricas que fan poxas peculiares, que só miran cara os seus intereses. Todos os concellos que abordaron de xeito particular este tipo de estudos atoparon grandes diferenzas, lembra o caso de Oleiros que atopou case que 200000 euros de diferenza entre o tarifado coas eléctricas e o consumo real. Hai comportamentos que poden chegar a ser delitivos porque un se pode equivocar unha ou dúas veces pero quen se equivoca



reiteradamente e a sabendas comete un delito, no caso do sector eléctrico trátase dunha actuación de reiterada e de mala fé.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votan en falla, igual que no tema de Sogama, que o Concello de Fene non se sume ás queixas que fan outros alcaldes para procurar pagar o menos posible polos servizos. O apoio moral está moi ben pero non é suficiente. Anuncia o voto favorable á moción.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o goberno municipal vaise abster esgrimindo os mesmos argumentos. Cando se fala de realizar un estudo dille á oposición que chega tarde porque no ano 2012 xa se fixo este procedemento a instancia do goberno municipal, púxose unha persoa a revisar toda a facturación eléctrica que deu unha rebaixa de 30000 euros. Disto di que xa se deu conta na Comisión. Cando se fala de interpor as futuras reclamacións di que o PP non se caracteriza por non reclamar aquilo que non lles corresponda, aínda que ás veces os xuíces non lles dean a razón como se ve ultimamente. En relación co punto 3 entenden que dende a Fegamp ou da Femp estanse facilitando diversos medios de asesoramento e o convenio ao que se insta adherirse xa está en estudo e neste sentido entenden que non sería a Xunta a través de quen facelo. A día de hoxe a Deputación da Coruña, a través dunha empresa, puxo en funcionamento un procedemento de asesoramento para que efectúen as oportunas reclamacións ás compañías eléctricas. Aínda que entende que deben ser outras entidades e non a Xunta de Galicia, tamén destaca que hoxe nos xornais ven a nova das multas ás compañías eléctricas.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que segundo as informacións que ten o asesoramento é un organismo da Deputación. A moción non só solicita a revisión das facturas, que é o que se dixo que se fixera no 2012, se non que fala daquelas tarifas que se cobran indebidamente e a reactiva que se está cobrando cando non se tiña que facer. Isto é o que se está revisando agora e o que solicitan revisar e dálle igual que a revisión o faga mediante a colaboración da Deputación ou da Xunta, para facer un estudo xeral.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que reiteran o apoio á proposta coincidindo co dito polo BNG. Unha cousa é comprobar as facturas e outra é comprobar as condicións do subministro eléctrico.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que entenderon á moción como dixo o voceiro do BNG e di que manterá o seu apoio á moción.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

- 1. Iniciar unha revisión de todas as facturas emitidas pola empresa de distribución de enerxía eléctrica ao Concello, cando menos desde o ano 2009, para detectar posíbeis erros e cobros indebidos.**
- 2. Realizar un estudo para avaliar as condicións da subministración eléctrica e, de ser o caso, promover un concurso público para conseguir a mellor oferta de subministración.**
- 3. Interpor as reclamacións oportunas contra a empresa, no caso de se detectaren facturacións indebidas, para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009.**
- 4. Instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar os concellos que tiveren que reclamar.**
- 5. Instar á Xunta de Galiza a que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.**



8. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG relativa a demanda de políticas activas de emprego

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 5 votos a favor, (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.04.2014:

“Juventino Trigo Rey, portavoz do BNG no Concello de Fene presenta, ao abeiro da lexislación vixente a seguinte;

MOCIÓN EN DEMANDA DE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

Exposición de motivos

Unha das prioridades fundamentais da Administración é asegurar o dereito ao traballo de toda a cidadanía, e unha ferramenta chave nesta actuación son as Políticas Activas de Emprego. Nesta materia a Xunta de Galiza dispón da competencia de executar os fondos que o Estado español adxudica máis non a de distribuílos dentro dos tres paquetes que xa veñen dispostos de Madrid: Formación, Emprego e Contratación e Modernización. Esta é a desculpa posta pola Xunta de Galiza para aplicar unha rebaixa dos fondos adxudicados para os Plans de Cooperación para o Emprego e Contratación até deixalos na ridícula cantidade de 113.000 euros para toda Galiza fronte aos aproximadamente 8 millóns do ano pasado.

As características únicas do noso país fan precisas unhas políticas axeitadas e deseñadas para a nosa realidade territorial, social e económica, polo que sería necesario reclamar competencias que permitan desenvolver actuacións que realmente contribúan á solución do problema do desemprego no noso país.

Ademais os concellos dispoñen de vías como desenvolvementos urbanísticos de solo industrial ou parques tecnolóxicos, desenvolvemento de ordenanzas fiscais favorábeis para a implantación de tecido económico, programación de actuacións de formación e fomento do emprego a través de institucións e empresas públicas locais, constitución de oficinas de desenvolvemento local e actividades de divulgación e visibilidade do seu territorio en eidos económicos, entre outras.

O certo é que a Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece un marco competencial que, lonxe de ser claro, introduce innumerábeis dúbidas. Así, o proxecto de Lei galega de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor do anterior texto, na actualidade en proceso parlamentario, non parece solucionar, neste tema, as dúbidas xurdidas e mesmo pode chegarse a un escenario de colisión entre os dous textos, aínda que a invasión por parte da Lei estatal das competencias exclusivas de Galiza definidas polo seu Estatuto é flagrante.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Solicitar da Xunta de Galiza que reclame perante o goberno do Estado español competencias exclusivas en materia de Fomento de Emprego e denuncie a intromisión inadmisíbel da Lei 27/2013 nas competencias de Galiza definidas polo seu Estatuto en materia de Administración Local.
2. Solicitar da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Traballo e Benestar, que deseñe e poña en marcha un Plan de Cooperación para o Fomento do Emprego en todos os concellos de Galiza, coa dotacións orzamentaria suficiente, sexa reclamando os fondos ao Estado sexa coa achega de fondos propios da Comunidade Autónoma.
3. Reclamar a iniciativa do Concello para pór en marcha un Plan de Fomento de emprego consensuado, horizontal, deseñado e dirixido ás capacidades e características do noso territorio.



4. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español, grupos parlamentares do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados.”

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que unha vez máis reiteran unha moción sobre o emprego, que neste caso van unidos aos problemas que provoca a Lei 27/2013 sobre a reforma local, por iso presentan esta moción.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que partindo dunha análise da realidade que é bastante coincidente. Neste senso o PSOE xa ten apoiado iniciativas que recollen parte do contido desta moción como accións de fomento do emprego municipal por iso reitera o seu apoio á loita contra o desemprego, que hai que combatelo dende todas as institucións, cada unha dende o seu ámbito, así dende o ámbito local hai accións que se poden realizar con moita máis eficacia e maior eficiencia debido ao maior coñecemento do territorio e das súas especialidades. Coinciden en que a Lei 27/2013 lonxe de esclarecer nada, confunde e non deixa claro quen ten que facer as cousas e estase sempre suxeitos a organismos que autoricen ou non determinadas competencias. Tratábase de evitar duplicidades entre administracións e o único que promove é a confusión e por tanto a inacción da administración nun tema capital, non só en Galicia senón que no conxunto do Estado. Por iso van votar a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten o dito polos voceiros dos grupos municipais do BNG e do PSOE e lembra que EU no ano 2011 presentou un plan lineal de emprego que coincide con algúns dos puntos que formula a moción do BNG coa diferenza de que a de EU era a nivel estatal. Por iso, por ter moitos puntos en común con aquela proposta de EU anuncia o voto favorable.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que di que a intromisión das competencias do Estado en materia autonómica, da que falaban os voceiros dos grupos da oposición, non ven de agora senón que ven dende hai tempo. É certo que a Lei 27/2013 xera esas dúbidas que supuxo algún tipo de erro ou mala interpretación dalgún asunto que afectaba directamente ao concello pero non se pode esquecer que a situación dáse dende hai tempo. Respecto do dito de que a Xunta de Galicia asuma en exclusiva a competencia en emprego di que pode entender que hoxe ou nun futuro poida ser algo favorable para Galicia pero tampouco ten que ser o principal para pensar na solución ao problema da creación de emprego. Díxose que se solicite á Xunta a posta en marcha do plan de cooperación cos concellos e neste tempo, pensa que a Xunta nunca deixou de facer políticas activas de emprego, aínda que non tiña a posibilidade en materia de formación e traballo, así a día de hoxe está o plan de emprego xuvenil, acaba de saír a Lei de emprendemento e economía competitiva, que é a primeira da Comunidade, o que demostra que as políticas da Xunta de Galicia, dentro das súas competencias delimitadas, continúa a ser activa. En relación ao terceiro punto, reclama a posta en marcha dun plan de emprego municipal e di que o goberno é partidario de facelo, como así se manifestou cando se trouxo ao Pleno no 2013 o proxecto de orzamento que prevía unha partida orzamentaria para sacalo adiante. Conclúe que como o proposto non é unha solución á creación de emprego que se vive a día de hoxe, van votar en contra.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que ve que se está de acordo cos puntos pero o PP vai votar en contra, polo que di que non o entende. Claro que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo segue a facer políticas de emprego pero o problema que hai é que non hai dotación orzamentaria suficiente, que o que se fixo estes anos é reducir a partida orzamentaria ano tras ano, actualmente hai case que a metade menos de orzamento que cando entrou o señor Feijoo, aquel que dixo que en 15 días ía rematar co paro en Galicia e o certo é que a taxa de paro duplicouse. O que se pide é que se aumente o orzamento e se todos os grupos están de acordo non entende que non se vote a favor.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que dá un dato que non é a primeira vez que ocorre, non é algo novo que o PP estea de acordo co que se di pero que como hai unha parte que xa se está a facer votan en contra, e iso é algo que non se entende. Isto é un problema que afecta a moita xente deste país e que está a xerar moitas situacións dramáticas. Non obstante, entende que en materia de emprego manteñan esa posición cando a ministra Fátima Báñez dixo hai uns días que ía pedirlle emprego á virxe do Rocío e que se cabe isto é máis útil que facer políticas activas de emprego. O seu grupo segue apoiando a moción e non terán problemas en apoiar 20 veces seguidas mocións deste tipo, porque pensa que



todo o que sexa reiterar o seu apoio e a súa solidariedade nun tema tan dramático nunca está de máis.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, que lles di que houbo unha cousa que se lles esqueceu cando reiteraron os seus argumentos que é que o PP non entende que a solución aos problemas que se están dando a día de hoxe pasen porque as competencias pasen en exclusiva á Comunidade Autónoma de Galicia. Di que non quere entrar a un debate parlamentario porque xa se dixo moitas veces que pouca ou ningunha competencia ten este Pleno nesta materia, non obstante, dille ao concelleiro Antón Lois Noceda Carballo que revise os datos do paro dende que goberna o señor Feijoo, que a recuperación está aí e Rajoy só leva 2 anos no poder, cando o PSOE, que acaba de marchar logo de 7 anos de goberno e a situación era a que era. O que si compete a este Concello, aos 17 concelleiros, son obradoiros como o que se vén de clausurar, en colaboración co Concello de Ares, no que se formaron 22 persoas en tripulantes de cuberta.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Solicitar da Xunta de Galiza que reclame perante o goberno do Estado español competencias exclusivas en materia de Fomento de Emprego e denuncie a intromisión inadmisíbel da Lei 27/2013 nas competencias de Galiza definidas polo seu Estatuto en materia de Administración Local.

2. Solicitar da Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Traballo e Benestar, que deseñe e poña en marcha un Plan de Cooperación para o Fomento do Emprego en todos os concellos de Galiza, coa dotacións orzamentaria suficiente, sexa reclamando os fondos ao Estado sexa coa achega de fondos propios da Comunidade Autónoma.

3. Reclamar a iniciativa do Concello para pór en marcha un Plan de Fomento de emprego consensuado, horizontal, deseñado e dirixido ás capacidades e características do noso territorio.

4. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado español, grupos parlamentares do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados.

9. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE, en relación co incremento do IVE ás perruquerías

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 5 votos a favor, (2 do grupo municipal do PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), e 3 abstencións do grupo municipal do PP na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 28.04.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co INCREMENTO DO IVE ÁS PERRUQUERÍAS, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As perruquerías son, habitualmente, pequenos negocios formados por un autónomo e un ou dous empregados, estando o 85% deles rexentados por mulleres. Este sector agrupaba en España, no ano 2011, a 48.000 salóns, nos que, de forma directa, traballaban unhas 120.000 persoas.

A crise económica, que dende 2008 afecta á economía do noso País, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada da afluencia de clientes e, por tanto, ao menor número de servizos realizados.



Como consecuencia de esta situación, moitos salóns víronse obrigados nese momento a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos e, en consecuencia, nas súas marxes, coa fin de frear a importante caída de clientes e intentar, como tantos sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo.

En setembro do 2012 entrou en vigor unha nova medida tributaria, adoptada polo Goberno, consistente en incrementar o IVE a aboar por estes servizos do 8% (vixente ata o 31 de agosto do 2012) ao 21%.

A importantísima suba de 13 puntos representou para estes salóns o seu afundimento definitivo. Os motivos son claros:

- Os salóns que trasladaron a suba viron desaparecer gran parte dos seus clientes, que non estaban dispostos a pagar un incremento tan desmesurado nas tarifas de prezos, nunha época onde toda a economía estivo e está a rebaxalos.
- Os salóns que non trasladaron a suba sufriron fortes resultados negativos na súa recadación, véndose obrigados, en moitos casos, ao peche da actividade.

Compre sinalar, a efectos aclaratorios, que a marxe media de beneficio dun salón de perruquería é inferior ao 13%.

As cifras xerais son moi preocupantes. Durante 2013 pecháronse mais de 8.000 salóns en España e perdéronse 20.000 postos de traballo. As previsións para o 2014 apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e a outros 14.000 empregos directos. En dous anos, este sector reduciuse nun 28% co conseguinte impacto colateral noutros sectores (empresas de subministracións de produtos, aparatoloxía, mobiliario, etc.) Mentres tanto, recentemente (xaneiro 2014), o Goberno anunciou a rebaixa impositiva do 21% ao 10% nas transaccións de obxectos de arte e anticipa unha rebaixa do IVE cultural, como medida para incentivar o seu consumo aludindo a que é moi importante para a economía española.

Ao noso entender, o sector da perruquería non só é relevante dende o punto de vista numérico, que o é e moito, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do país, é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, aínda hoxe, un número importante de empregos e que ademais, é dos poucos sectores que están rexentados por mulleres na súa practica totalidade.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda instar ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%."

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que durante estas dúas semanas visitaron todos os negocios de Fene afectados e dille ao grupo de goberno que neste caso si, hai veciños de Fene que están ante a disxuntiva de escoller entre non aplicar a suba de custe aos seus clientes co que o seu marxe de beneficios sería practicamente cero ou trasladar aos seus clientes e condenarse ao peche, como xa se veu nalgún caso e di que trátase dun sector cun alto grado de honestidade, pois non queren baixar á calidade dos seus servizos por entender que é de xustiza.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que votarán a favor porque estase a ver que esta suba indiscriminada do IVE, sobre todo ao pequeno negocio, o que fixo é elevar a presión fiscal ás persoas que máis dificultades teñen para poder facerlles fronte. Así di que hai unha información do 2013, no que as empresas do IBEX, ata setembro, tiveron unha suba en porcentaxe de beneficios dun 25% e pagaron un 18% menos de



impostos. Os negocios pequenos son os que están sufrindo a presión fiscal e isto fixo que se perderan 8000 negocios que se trasladaron á economía somerxida.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que anuncia o voto a favor. EU xa presentou unha moción contra a suba do IVE en xeral. Non so afectou ás perruquerías senón que tamén afectou a cines, teatros, servizos funerarios, floristerías, ximnasios e demais. En calquera caso é lóxico que unha pequena empresa non poida asumir unha suba dun 13% nin tampouco que lla poida repercutir aos clientes. Chámalle á atención o caso dos cines que cando baixan o prezo das entradas as salas están cheas e seguro que así sucedería noutros sectores afectados.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértola Puente, que di que pensa que é un debate que xa se trouxo en distintas ocasións e todos saben o porque houbo que subir o IVE.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene acorda instar ao Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.

10. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE, en relación coa privatización do Rexistro Civil

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal), e 4 abstencións, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG), na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente realizada o 30.04.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa PRIVATIZACIÓN DO REXISTRO CIVIL, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reforma da administración de Xustiza que iniciou, e continúa desenvolvendo, o Goberno de España, ten como denominador común o seu alonxamento dos cidadáns e o fin da gratuidade dun servizo público esencial.

O primeiro paso foi o establecemento de taxas xudiciais para poder acceder aos tribunais, unha medida que mereceu o rexeitamento practicamente unánime do mundo xudicial (Xuíces, Fiscais, Avogados, Procuradores, funcionarios,...) e da cidadanía en xeral, que veu limitado un dereito constitucionalmente recoñecido en base a criterios estrictamente económicos, limitación á que son alleos os bancos, empresas e grandes corporacións.

O segundo chanzo atopámolo no proxecto de modificación da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, actualmente pendente de tramitación, que prevé a desaparición dos Xulgados de 1ª instancia e Instrución existentes en vilas e pobos, e con eles a actual división en partidos xudiciais, concentrando os servizos nas capitais de provincia.

Seguindo nesta escalada está a pretensión do Goberno de entregar o Rexistro Civil ao Colexio Nacional de Rexistradores da Propiedade, traspasando a estes profesionais os datos e servizos públicos do Rexistro Civil, que cobrarán por expedir certificacións de nacemento, defunción, matrimonio, fe de vida, nacionalidade, etc., documentos moi demandados diariamente polos cidadáns para trámites relacionados co emprego, pensións, colexios, herdanzas e moitas xestións máis, pasando a ter que pagar por un servizo que ata o de agora era gratuító e ao que en moitos



casos se podía acceder vía internet dende a casa, sen ter que desprazarse nin perder horas de traballo, tras investir 128 millóns de euros do erario público na súa informatización.

Tendo en conta o importe habitual das certificacións expedidas polo Rexistro da Propiedade, e multiplicado polos máis de 1.300.000 trámites anuais do Rexistro Civil, pódese apreciar o alcance do regalo que realiza o Goberno a un colectivo tan "desfavorecido" coma o dos Rexistradores, ao que pertence o propio Presidente Rajoy, estimando que alcanzarán unha facturación anual de 150 millóns de euros, non entendendo que, si hai que cobrar algún trámite -do que non somos partidarios- non o cobre directamente Xustiza, en lugar de que se leven os cartos uns particulares que xestionarán, deseñarán e explotarán comercialmente o que ata o de agora foi un servizo público gratuíto.

Os socialistas de Fene queremos chamar tamén a atención sobre unha consecuencia da privatización do Rexistro Civil que directamente afecta ao noso concello, e é a máis que posible desaparición dos Xulgados de Paz nos Concellos alonxando unha vez máis a administración dos veciños/as e cargando sobre as súas maltratadas economías o acceso a un servizo público esencial, coma é a Administración de Xustiza.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Rexeitar a privatización e traspaso aos Colexios de Rexistradores dos datos e servizos públicos do Rexistro Civil, solicitar que se asigne a súa xestión aos secretarios xudiciais e que se manteñan os Xulgados de Paz existentes nos nosos Concellos.
2. Remitir este acordo ó Sr. Ministro de Xustiza e ó Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia."

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que supón que o PP non fará alusións á herdanza recibida. Na xustiza, antes de que gobernara o PP, había problemas pero agora hai unanimidade de todos os sectores que compoñen a xudicatura para oporse a todas as reformas que levan feito. En primeiro lugar as taxas xudiciais que teñen por obxectivo impedir que os cidadáns con recursos limitados poidan acceder á xustiza. Logo a reforma da planta xudicial para alonxar os xulgados á xente. Agora trátase de traspasar as competencias do rexistro civil aos rexistradores da propiedade, debendo pagar unha taxa todos os cidadáns que precisen calquera tipo de certificado. Para o PP isto trátase de trámites menores, serán 1,3 millóns de habitantes aproximadamente ao prezo medio do que se está cobrando no rexistro da propiedade dá un resultado duns 150 millóns de euros aproximadamente, un gran volume de negocio para os rexistradores, algo que antes era de balde agora convertese nun servizo de pago para todos os compañeiros de traballo do presidente do goberno, algo que cualifica como curioso. Cada vez estase máis nunha xustiza de ricos e pobres, como nas películas americanas nas que a diferenza entre ser condenado ou absolto non é tanto saber quen cometeu o crime como en poder pagar un bufete de avogados ou non, en quen poida permitir os custes da xustiza ou non. Ata que chegou o PP neste país había outro sistema que camiñaba noutra dirección. Nesta moción agradaríalle ter o apoio do PP pero non o espera. Dille ao PP que o seu modelo de país non é ter un modelo de país de cidadáns iguais, senón que é un modelo duns que se cren mellores que outros ou que teñen máis dereitos que outros. Estase diante do modelo da sociedade que se quere construír.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que esta moción é semellante á que presentou o seu grupo o 04.07.2013 e neste senso van apoiar a moción. Este xeito de legislar a nivel de Estado tráelle prexuízos á poboación de Galicia que ten que desprazarse aos rexistros e, neste caso, trátase dunha privatización dun servizo público. Por isto anuncia o voto favorable.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez, que di que vai votar a favor da moción porque entende, como dixo o concelleiro do PSOE, que os rexistradores da propiedade como viron mermados os seus ingresos volverán ter traballo outra vez e cunhas tarifas inadmisibles para a maioría dos cidadáns. Ademais sábese que nos rexistros civís



invertéronse cartos na súa informatización que agora quedan como regalados. Suporá que os veciños para tramitar becas, axudas ou colexios terán que pagar as partidas de nacemento, vodas, defuncións ou cuestións que ata agora eran sinxelas e gratuítas, téndose, ademais, que se desprazar. Por iso piden que o servizo se siga a prestar de xeito directo e que non se restrinxan nin os recursos nin as competencias. Remata a súa intervención anunciando que votará a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Ponte, que preguntalle ao concelleiro do grupo municipal do PSOE porque cando presentan unha moción non se centran en defendela e falan doutros asuntos?. En relación coa moción di que o BNG presentou unha moción ao respecto pero tamén é certo que un mes antes, o Pleno e por unanimidade, a instancia dos traballadores e traballadoras do Xulgado de Paz de Fene presentaron unha moción conxunta de todos os partidos políticos de Fene. Os argumentos, respecto do rexistro civil, son que o servizo próximo é moi necesario. A perda do rexistro civil nos xulgados vai levar á desaparición do xulgado de paz, o que tamén terase que evitar. Por iso o PP reitera o seu voto de hai un ano naquela moción conxunta e por iso van votar a favor, esquecéndose da exposición de motivos da moción que hoxe se debate e coa que non están de acordo.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que dille á voceira do grupo municipal do PP que el defende a liberdade para argumentar e dille que está claro que non ten nada que ver a privatización dos rexistros civís coa xustiza, pero tamén ela fixo alusión á desaparición dos xulgados e os cidadáns lles sexa máis complicado o acceso. Remata dicindo que cada quen pode ser o atrevido que queira e rógalle á voceira do grupo municipal do PP que non se contradiga nos seus argumentos.

De seguido intervén o alcalde que dille ao concelleiro Antón Lois Noceda Carballo que neste Pleno cada un é moi libre de presentar o que queira, como acaba vostede de facer, pero non trate de arrogarse cousas que xa foron no seu día aprobadas por este Pleno por unanimidade. Parécelle unha reiteración innecesaria, que xa está facendo, porque pensa que neste Pleno as cousas xa quedaron bastante claras respecto do apoio á non desaparición dos xulgados de paz, dos seus traballadores e do rexistro civil.

Sometido o asunto a votación é aprobado pola unanimidade dos membros presentes.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Rexeitar a privatización e traspaso aos Colexios de Rexistradores dos datos e servizos públicos do Rexistro Civil, solicitar que se asigne a súa xestión aos secretarios xudiciais e que se manteñan os Xulgados de Paz existentes nos nosos Concellos.

2. Remitir este acordo ó Sr. Ministro de Xustiza e ó Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

11. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE, en relación coa supresión do partido xudicial de Ferrol

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal), e 4 abstencións, (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG), na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente realizada o 30.04.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa SUPRESIÓN DO PARTIDO XUDICIAL DE FERROL, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno vén de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais e crear un único tribunal de instancia provincial, fronte a proposta do anterior Goberno de que se crearan en cada partido xudicial. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 43 partidos xudiciais e na provincia da Coruña 13 dos 14 que ten hoxe. Trátase



dunha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos asociados, ademais de privar a moitos concellos dunha importante fonte de ingresos indirectos.

O Goberno popular, no seu propósito de facer unha xustiza para poucos, paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas, pretende privatizar o Rexistro Civil e agora propónse tamén a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia. Mesmo cidades como Ribeira, Santiago ou Ferrol perderían as súas sedes xudiciais.

Así o Goberno de Rajoy, co respaldo da Xunta de Galicia, continúa a labor de afastamento dos cidadáns da xustiza. Primeiro promulgaron unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garante o artigo 24. 1 da Constitución española.

Esta proposta ten un grave impacto sobre a vida cotiá dos cidadáns e das cidadás, porque desaparece o partido xudicial de Ferrol, que comprende os concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento á proposta de supresión de partidos xudiciais.
2. Esixir o mantemento do partido xudicial de Ferrol que comprende os Concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño."

Abre o debate o alcalde que di que hai outra moción semellante do grupo municipal do PP no seguinte punto da orde do día que tamén foi ditaminada favorablemente. A moción do PSOE está ben nos seus 2 puntos, pero pensa que o punto 2 pode ser completado co apartado b) da moción do grupo municipal do PP, xa que a moción do PSOE implica a defensa do partido xudicial de Ferrol pero esquece outro partido xudicial moi próximo como é o de Ortigueira, por iso se o PSOE acepta emendar o punto 2 da súa moción co apartado b) da moción do PP retiraría a moción do PP da orde do día. É dicir, con este parágrafo deféndense os demais xulgados de Galicia.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que non acepta a emenda porque a moción do PSOE no seu primeiro punto defende a todos e cada un dos partidos xudiciais e o segundo punto é reiterativo respecto do primeiro punto. En cambio a moción do PP fala en xeral tendo en conta distintos criterios para non suprimir a planta xudicial, así apoiando esta proposta o partido xudicial de Ferrol pode desaparecer e abre unha porta para outras interpretacións.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que xa presentaron o pasado 05.09.2013 unha moción nun sentido semellante e aínda que a exposición de motivos non é exactamente igual anuncia que van votar a favor da moción.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez, que di que coinciden co dito e por iso vai votar a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que o seu grupo tratou de chegar a un acordo pero non foi posible. Esta idea de suprimir os partidos xudiciais vén do ministro socialista Caamaño e desgrazadamente este goberno continúa con ela. Neste sentido, daquela tróuxose aquela moción, cando aínda era anteproxecto de lei e dille ao



partido socialista que a moción está incompleta como xa se dixo e por iso van votar en contra, por ser incompleta.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que reitera que a moción defende a defensa integral dos partidos xudiciais e dille que a que deixa as portas abertas é a proposta do PP.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Trasladar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España o rexeitamento á proposta de supresión de partidos xudiciais.

2. Esixir o mantemento do partido xudicial de Ferrol que comprende os Concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

12. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PP, en relación co anteproxecto da Lei orgánica do Poder xudicial

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente realizada o 30.04.2014:

“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 24 da Constitución consagra o dereito que teñen todas as persoas a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Pero o poder xudicial ademais de garantir o respecto dos dereitos fundamentais de todos, debe mellorar a súa eficiencia e axilidade, o que redundará nun reforzamento da seguridade xurídica e na redución da litixiosidade.

A actual Lei Orgánica do Poder Xudicial foi aprobada en 1985 e ao longo destes practicamente 30 anos sufriu case 40 modificacións. Sen embargo, estas reformas parciais non conseguiron unha adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.

O pasado 4 de abril o ministro de xustiza presentou ante o Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial. O texto deste anteproxecto debe pasar agora os trámites de informe preceptivo que deben emitir o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, sen perxuízo doutros dictames ou informes que o goberno puidera requerir. Con posterioridade, o texto, coas modificacións que o goberno considere oportuno incluír, será aprobado en Consello de Ministros e iniciarase o trámite parlamentario no Congreso e Senado.

É dicir, polo momento, estamos nunha fase completamente inicial, onde este texto pode experimentar cambios que enriquezan o seu contido.

Este anteproxecto de L.O.P.X. configura unha organización xudicial que ten por base os denominados Tribunais Provinciais de Instancia, órganos que coa devandita base territorial agruparían aos actuais xulgados calquera que sexa a súa orde xurisdiccional. Aínda que desaparece a terminoloxía de partido xudicial, isto non supón necesariamente a supresión de ningún órgano xudicial, xa que a lei contempla a creación de sedes desprazadas dos Tribunais Provinciais de Instancia atendendo á



valoración conxunta dunha serie de circunstancias (volumen e dispersión da poboación, carga de traballo dos órganos xudiciais existentes, distancia á capital da provincia, estado dos edificios e infraestruturas xudiciais existentes, entre outros). Esta organización territorial recolleríase noutra futura lei (a Lei de Demarcación e Planta Xudicial), que tería que aterse ás normas establecidas na L.O.P.X.

Neste sentido, Galicia ten unha serie de peculiaridades e especificidades propias como son o importante volumen de poboación que vive nas sete grandes cidades de Galicia (un millón de persoas, máis do 36% dos habitantes da Comunidade), a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e características orográficas que dificultan en moitos casos os desprazamentos á capital de provincia. Así mesmo, o actual goberno da Xunta de Galicia levou a cabo nestes últimos anos un importante esforzo económico (superior aos 50 millóns de euros) en materia de infraestruturas xudiciais, tanto en novas construcións, como en reformas ou ampliacións. Cuestión esta que consideramos debe ser tida en conta á hora de deseñar a organización territorial xudicial.

Polo tanto, dende este grupo municipal consideramos que este anteproxecto de lei debe adaptarse na materia de demarcación xudicial ás particularidades e especificidades propias de Galicia, polo que elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno central para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias de Galicia, de tal xeito que:

a) as sete cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) contén con cadanseu Tribunal de Instancia.

b) nos criterios que definan a futura planta xudicial no resto do territorio sexan tidos en conta criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas catro provincias galegas."

Abre o debate a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que será breve porque o tema xa está falado. Dende Madrid non se están tendo en conta as peculiaridades específicas da Comunidade Autónoma de Galicia, non só a nivel territorial, senón tamén a nivel de poboación e dispersión. O que queren é instar ao goberno central para que pense que o anteproxecto debe adaptarse á Comunidade Autónoma de Galicia e as súas peculiaridades.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que no primeiro punto da moción parécelles ben, é unha reiteración doutras propostas xa presentadas neste Pleno. Entende que a segunda parte abre as portas a que se faga unha supresión dos partidos xudiciais.

Seguidamente intervén o alcalde que di que os actuais criterios que definen as plantas xudiciais xa son eses e así se establece na Lei orgánica do Poder Xudicial. Segundo eses criterios Ortigueira conseguiu obter un xulgado de primeira instancia e case o consegue tamén Pontedeume.

O concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, di que a moción fai referencia á futura planta xudicial e o seu grupo non quere abrir ningunha porta que posibilite a súa variación e por iso non poden estar de acordo con este segundo punto.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se falou de que isto é unha reiteración. Alégrase de que alguén tome en consideración a singularidade de Galicia no tocante á poboación, territorio ou dispersión. A moción é semellante á presentada hai meses pero quere facer unha emenda ao primeiro punto a) que é non só poñer as 7 cidades de Galicia senón que propón dicir ás cidades de Galicia e principais vilas galegas. Seguidamente intervén o alcalde que proponlle dicir as poboacións que na actualidade teñen xulgado de 1ª Instancia. O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, manifesta a súa conformidade e o alcalde acepta a emenda.

Sometido o asunto emendado a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (6 do grupo municipal do PP e 5 do grupo municipal do BNG) e 5 abstencións, (4 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto).



Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Instar ao Goberno central para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial teña en conta as especificidades e peculiaridades propias de Galicia, de tal xeito que:

a) as sete cidades de Galicia (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) contén con cadanseu Tribunal de Instancia e tamén nas vilas ou poboacións que na actualidade teñen xulgado de 1ª Instancia.

b) nos criterios que definan a futura planta xudicial no resto do territorio sexan tidos en conta criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas catro provincias galegas.

13. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do BNG en relación coa gratuidade dos libros de texto

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 30.04.2014:

“MOCIÓN GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanza mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do defensor del Pueblo,(“o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación exige que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico



utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posibel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíta».

ACORDO

Por tanto pedimos a este Concello que exixa a Xunta de Galiza:

1. A volta ao sistema de préstamo universal.
2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE"

Abre o debate o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que a moción ven provocada pola situación da redución das becas, axudas, os libros de texto e toda a situación que provoca a entrada en vigor da LONCE.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que defenden o ensino gratuíta para todos os cidadáns, que incluíría todos os custes, polo que está de acordo coa moción, así unha das primeiras medidas que tomou o goberno bipartito foi a gratuidade dos libros de texto que foi rota por alguén que coñecen. Seguidamente intervén o alcalde que lle pregunta a quen se refire, xa que lle está a contestar ao voceiro do BNG, polo que dille que non se refira ao PP. O concelleiro Antón Lois Noceda Carballo prosegue dicindo que como ve que hai gañas de interrompelo será breve. O alcalde dille que ten a facultade que lle atribúe a Lei para moderar os debates e aclárelle que lle está contestando ao voceiro do grupo municipal do BNG, que é a quen se ten que dirixir. O concelleiro Antón Lois Noceda Carballo di que prestará o apoio a esta moción que coincide plenamente co ideario do PSOE.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que isto semella un patio de colexio. Anuncia que votará a favor da moción porque está a favor de todo o público, neste caso a educación pública que debe ser, por suposto, gratuíta. Tamén se remiten ao dito polo Consello Escolar do Estado que di que a educación básica debe ser obrigatoria e gratuíta.

A continuación fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, di que lles gustaría que todo o que expón a moción se puidese dar, pero a situación é a que é. A educación debe ser gratuíta e hai que traballar nese sentido. Oxalá que todos os alumnos e alumnas poidan ter libros e material escolar gratuítos porque iso significaría que todos son iguais e que a situación económica é tan boa que se poden asumir estes custos pero desgrazadamente a situación actual non é así. Respecto das herdanzas di que si que é certo que o bipartito instaurou os libros gratuítos pero agora mesmo non se poden ter, igual que pasou co cheque bebé que se deu a todo o mundo. No sistema educativo hai certas persoas as que hai que pagarlle non só os libros senón que tamén o transporte, axudarlles economicamente máis para que os rapaces poidan seguir estudando logo de rematar a ensinanza obrigatoria, sempre que a situación económica o permita. Na Xunta de Galicia queren formularlle ao BNG un acordo nacional. Respecto da petición de volver ao sistema de préstamo universal di que a día de hoxe hai un programa de gratuidade solidaria dos libros de texto vinculado á renda per capita das familias que non está exento dalgunhas irregularidades. O seu partido proponlle ao BNG que o acordo recolla, no seu punto 2, que se inste á Xunta de Galicia a que siga traballando no desenvolvemento do programa solidario dos libros de texto nun modelo xusto e solidario coas familias con menos recursos.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que se trata de conceptos totalmente distintos, xa que se os libros teñen que ser gratuítos

teñen que selo. Trátase dun sistema de educación básica, obrigatoria e gratuíta e non de ningunha outra cousa, xa que o que lle propón é totalmente distinto. Esta moción tenta ser o máis aséptica posible e reducir a proposta de acordo ao que dixo o Consello Escolar do Estado e o Defensor do Pobo, sen entrar en debates doutro tipo. O sistema de préstamo universal non ten porque custar máis cartos, así coa LONCE gástanse máis cartos ao estar a cambiar continuamente os libros de texto. Por iso manterán a moción como foi presentada.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que mantén o seu apoio á moción. Di que dende o PSOE son moi atrevidos e fan as contas, que cando o PP di que oxalá houbera cartos el respóndelles que si que hai cartos pero para outras prioridades, así o PSOE apostou polo cheque bebé, pola renda básica de integración ou pola gratuidade dos libros de texto e todo iso xunto segue a ser infinitamente máis barato que o rescate das autoestradas de Madrid ou o rescate aos bancos.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Punte, di que reiteran os argumentos expostos e logo de non ser aceptada súa emenda o PP vaise abster.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 abstencións do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Esixirlle a Xunta de Galiza:

- 1. A volta ao sistema de préstamo universal.**
- 2. Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.**
- 3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.**
- 4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.**

14. Aprobación, se procede, da moción do grupo municipal do PSOE en relación coa reforma imposta na Lei 23/2013 reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente con 4 votos a favor, (2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 3 abstencións do grupo municipal do PP, na Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servicios Sociais e Igualdade realizada o 30.04.2014:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa REFORMA IMPOSTA NA LEI 23/2013 REGULADORA DO FACTOR DE SUSTENTABILIDADE E DO INDICE DE REVALORIZACIÓN DO SISTEMA DE PENSIONS DA SEGURIDADE SOCIAL, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ao Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno do Concello de Fene expresa o seu máis fondo desacordo coa decisión do Goberno de España de suprimir de forma unilateral a fórmula de revalorización de pensións públicas que até agora se aplicaba no noso país, impoñendo unha nova fórmula sen dialogar previamente co resto de partidos políticos, organizacións empresariais e sindicais, e rachando así o procedemento establecido no Pacto de Toledo para acometer calquera reforma profunda no sistema de Seguridade Social sobre a base previa do diálogo e o acordo amplo.

A nova fórmula para calcular a revalorización de pensións instaurada a partir da Lei 23/2013 non garante o mantemento do poder adquisitivo das pensións. De feito esta nova fórmula suporá unha



perda de poder adquisitivo das pensións de entre un 14% e até un 26% durante os próximos 15 anos.

A revalorización das pensións para 2014, limitada a un 0,25%, vén consolidar unha perda de poder adquisitivo que comezou a xerarse coa decisión de 2012 de non actualizar as pensións.

Entre 2012 e 2013 as pensións xa consolidaron unha perda de poder adquisitivo, de modo que os incrementos realizados nas contías non foron suficientes como para compensar a evolución da inflación. Así, nestes anos as pensións inferiores a 1.000 euros, (que son o 66% do total) perderon un 0,1% e as pensións superiores a 1.000 euros (o 33% do total) perderon un 1,1%.

Sumado a todo o anterior, o incremento aprobado para 2014 suporá unha perda adicional de poder adquisitivo de polo menos 1,25% para todas as pensións sen distinción de contías, se temos en conta que o incremento foi de tan só o 0,25% e a previsión de inflación do propio Goberno é do 1,5%.

A perda de poder adquisitivo das pensións supón o empobrecemento especialmente dos que teñen, xa de seu, unha pensión baixa, lembremos que o 54% das pensións teñen unha contía inferior ao Salario Mínimo Interprofesional e unha limitación grave da calidade de vida da maioría de fogares que teñen nun xubilado, preto do 27% do total, a principal ou única fonte de ingresos. E, adicionalmente, a perda de poder adquisitivo das pensións afecta gravemente ao mantemento do emprego e a actividade económica, xa que estas rendas teñen como principal destino o consumo e a demanda interna de bens e servizos no noso país.

Cremos que o Goberno cede ás esixencias do núcleo máis conservador da Comisión Europea e dos mercados, cuxa actividade especulativa segue provocando que a economía produtiva non se recupere e que os traballadores/as, os pensionistas e xubilados sigan perdendo poder adquisitivo, utilizando as pensións públicas como contraprestación esixida para outros fins alleos ao da súa sustentabilidade e utilizando o BOE como instrumento para conxelar as retribucións dos que dependen directamente das decisións do Goberno como os empregados públicos, pensionistas, desempregados, traballadores que perciben o salario mínimo, perceptores do IPREM, etc., mentres que, pola contra, adóptanse medidas destinadas a subir os prezos de servizos públicos, que tamén están sometidos á súa intervención.

Baste sinalar algúns exemplos de todo iso: desde 2011 os medicamentos incrementaron o seu prezo o 20,9% como consecuencia da exclusión dun número importante de medicamentos do financiamento público; o transporte público urbano sufriu unha suba do 14,6%; a calefacción, a luz e a auga subiron nestes dous anos máis dun 11,4%, consecuencia en gran medida dos sucesivos "tarifazos" eléctricos.

O camiño ten que ser o de asegurar a calidade de vida da poboación e pór fin ás inxustas políticas de austeridade, como vía para unha saída da crise de maneira democrática e sustentable económica e socialmente.

É polo que esiximos ao Goberno que rectifique de inmediato e regrese ao marco de diálogo e ao acordo do Pacto de Toledo, pois as medidas adoptadas fóra deste non fixeron senón prexudicar ás persoas máis débiles, sen que actuasen nos verdadeiros retos que ten o sistema de pensións: a necesidade de adoptar medidas de mellora de ingresos, loita contra a fraude fiscal e laboral, facer emerxer a economía mergullada.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Rexeitar a reforma imposta á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, de 23 de decembro, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social, e instar ao Goberno de España a que a rectifique.

2. Instar o Goberno de España a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

3. Dar traslado do presente acordo ao Goberno de España e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.”

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di que os servizos redúcense día a día e as pensións son cada vez máis baixas e perpetúan un sistema que vai levando ás pensións á conxelación.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que das pensións xa se ten falado moias veces e non ten afán recordatorio. Trátase dun prexuízo para todos e de cargar sempre contra os máis débiles, polo que van votar a favor. Chámalle a atención non só a redución da revalorización das pensións, senón de todo o que supón a adopción destas medidas, como do caso dos medicamentos á que se fixo alusión.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez, que di que votarán a favor. A perda de poder adquisitivo co incremento do 0,25% das pensións vai afectar, non só a aqueles fogares de pensionistas, senón tamén a aqueles pensionistas que soportan a moitas familias que sofren o desemprego. Tamén hai outros casos como o dos medicamentos, a cesta da compra ou os recibos da luz ou da auga.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do PP, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que sente volver ao pasado pero respecto da conxelación das pensións hai que entoar o mea culpa. O PP vai votar en contra da moción xa que esta medida tomouse concretamente para garantir o sistema de pensións, que se produce como consecuencia da baixada das cotizacións á Seguridade Social que ven provocada pola situación de crise económica tan negada polo expresidente o sr. Rodríguez Zapatero.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 10 votos a favor, (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto), e 6 votos en contra do grupo municipal do PP.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Rexeitar a reforma imposta á marxe do Pacto de Toledo, na Lei 23/2013, de 23 de decembro, Reguladora do factor de sustentabilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, e instar ao Goberno de España a que a rectifique.

2. Instar o Goberno de España a que volva ao Pacto de Toledo e, neste marco, poña as medidas necesarias para que os pensionistas e xubilados recuperen unha fórmula que garanta o mantemento do poder adquisitivo das pensións públicas e a sustentabilidade do sistema, unha medida que por xustiza lles corresponde.

3. Dar traslado do presente acordo ao Goberno de España e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

15. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, do Plan DTC 93 “Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña

Por unanimidade dos presentes, queda incluída na orde do día aprobación, se procede, do Plan DTC 93 “Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña.

Consta no expediente a proposta da alcaldía do 05.05.2014, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao "Plan DTC 93. Unha deputación para todos os concellos", no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra "Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego", asinado polo enxeñeiro de camiños, don Julio C. Rojo Martínez (RXE nº 2153 de 11.03.2014). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 14 de marzo do 2014. Xúntase tamén documento calificado como "acta de replanteo previo" asinada en data 2 de maio do 2014.

2 Proxecto de obra "Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal", asinado polo enxeñeiro técnico industrial, don José Luis Sánchez García (RXE nº 3563 16.04.2014). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo arquitecto técnico municipal, don Evaristo Núñez García, como informado en data 21 de abril do 2014. Xúntase tamén documento calificado como "acta de replanteo previo" asinada en data 23 de abril do 2014.

3 Proxecto de obra "Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene", asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Lino Ameneiro Seijo de abril de 2014. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo arquitecto técnico municipal, don Alberto Fernández Vázquez, como informado en data 16 de abril do 2014. Xúntase tamén documento calificado como "acta de replanteo previo" asinada en data 24 de abril do 2014.

4 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" remata o 19 de maio do 2014, proponse que o Pleno do Concello ACORDE:

1º) Participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego	58.463,93 €	-----	58.463,93 €
Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal	58.873,19 €	-----	58.873,19 €
Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene	48.233,06 €	-----	48.233,06 €
T O T A L	165.570,18 €	-----	165.570,18 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorizar á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fene, 5 de maio do 2014



O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal”

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal do PP, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que como xa dixo na Comisión, este asunto non se puido traer antes, o expediente consta de 3 actuacións das que 2 estaban informadas. A outra actuación en Fonte do Campo tiña unha cesión sen formalizar e por iso o expediente non puido ir á Comisión.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PSOE, Antón Lois Noceda Carballo, que di, respecto da urxencia, que para evitar un Pleno extraordinario aceptaron a inclusión deste asunto na orde do día. Respecto do Plan di que ten dúbidas nalgún dos proxectos respecto do tratamento que se propón para a madeira da piscina e dos produtos que se van utilizar. Non obstante, as obras saben que son necesarias e posibilitarán a aprobación, co rogo, que cualifica de prudente, de que se revise tecnicamente o tratamento da madeira exterior da piscina.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que non tiveron tempo de estudar os proxectos en profundidade, debido á urxencia, e tampouco están en contra de que se fagan as obras. Por todo isto van votar a favor.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, di que se vai abster para facilitar a realización das obras.

A continuación o alcalde puntualiza que o tratamento sae do informe que fixo o técnico e di que é o mesmo tratamento que o que se lle deu á piscina de Oleiros, que é igual que a de Fene.

Sometido o asunto a votación é aprobado por maioría absoluta de 11 votos a favor, (6 do grupo municipal do PP e 5 do grupo municipal do BNG) e 5 abstencións, (4 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1. Participar no “Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

Obras e subministracións

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Afirmado da rúa Fonte do Campo ata o Camiño do Sartego	58.463,93 €	-----	58.463,93 €
Sustitución de deshumificadoras en Piscina Municipal	58.873,19 €	-----	58.873,19 €
Reparación de cerramentos, pavimentos e mobiliario de madeira de Instalacións municipais do Concello de Fene	48.233,06 €	-----	48.233,06 €
T O T A L	165.570,18 €	-----	165.570,18 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

2. Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



4. Autorizar á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

16. Mocións urxentes

Non se presentan mocións urxentes.

17. Rogos e preguntas

O concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Vanse facer as obras que ten solicitado o colexio de Sillobre?

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que di que si se van facer 2 das 3 obras que solicitaron que é arranxar o tellado e poñer unha toma de auga fóra. Tamén pediron o pintado da fachada pero isto terá que esperar un pouco máis.

- ¿Esta previsto retirar a rampla que caeu no paseo marítimo de San Valentín que está suxeita ao paseo por unha piola e un arame roscado que provoca unha situación de manifesto perigo para á xente como para os botes próximos?

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que di que consideran que non está perigosa e non a van retirar ata que faga a reparación.

- ¿Como van as xestións para a construción da segunda escola infantil?

Contéstalle o alcalde que vostede xa sabe que o vai licitar a Xunta de Galicia e ata o de agora o Concello non tivo comunicación oficial de que se iniciase a licitación.

- En relación coa tala das árbores na pista de Magalofes xa se informou que se denunciou e que se sobreseu a denuncia que houbo que volver reclamar. Non obstante pensa que o Concello é competente e capaz para indagar, porque alguén tivo que abrir o portal para que os madeiros puidesen retirar ás árbores e o Pleno debería ser informado de quen foi a persoa que abriu o portal, porque non moitas persoas teñen chave e as actuacións xudiciais non impiden que nos aclaren estas cuestións. Por iso preguntalle ao alcalde, ¿sabe quen foi a persoa que abriu ou autorizou que se abrise a pista polideportiva para a retirada daquelas árbores?, caso contrario, ¿ten pensado facer algo para sabelo?.

Contesta o alcalde que se quere saber a verdade hai que esperar ao que diga o xuíz, porque non lle vai contestar algo por referencias, xa que non presenciou nin sabe nada. Hai unhas dilixencias penais que impiden calquera outro tipo de actuación civil ou doutro tipo e non se vai pronunciar cando o que o ten que facer é o xuíz. Reitera que se interpuxo unha denuncia, iniciouse o trámite e o xuíz interpretou que os feitos non eran constitutivos de delito e procedeu ao seu sobreseimento e arquivo, polo que o Concello estimou que non cabía o arquivo e recorreu ao arquivo daquelas dilixencias para que, precisamente, se investigue e se saiban os feitos concretos co que anúncialle que terá que esperar ao fallo.

- ¿Quen e porque fixo a tala dos plátanos no Parque de Educación Vial?

Contesta o concelleiro de Servizos, José Andrés Serantes Panceiras, que di que esta pregunta xa foi contestada noutro Pleno, xa que isto debe levar 4 meses feito. O traballo o fixo a empresa SITGAL, que é unha empresa experta en podas.

- Roga que se axilice a limpeza e roce dos camiños, especialmente en Limodre, Maniños e Barallobre. Contéstalle o alcalde dicíndolle que é sabido que hai un tractor que traballa polas mañás e que, como todos os anos, vai comezar a traballar polas tardes.

- ¿Cantos parques infantís cumpren as condicións legais?

Contéstalle o alcalde que informarán disto no seguinte Pleno e dille que lle gustaría informar que o parque que vostedes non apoiaron detrás do Concello si cumpriría esas normas legais, pero por desgraza e co seu voto en contra non se puido facer ese novo parque infantil.



- En relación co estado das beirarrúas de Perlío, ¿vaise volver actuar?, e de ser así, ¿cándo se vai facer?

Contéstalle o alcalde que hai unha persoa, practicamente todos os días, repoñendo os baldosines.

- ¿Cal é o número de solicitudes para expoñer no Museo do Humor /// Casa da Cultura en Fene?, e delas, ¿cantas foron denegadas no 2014?

Contéstalle a concelleira de Cultura, Rocío Aurora Bértoa Puente, que di que non pode contestarlle agora, pero xa lle informará.

- ¿Hai algunha novidade respecto da presentación ás sociedades do novo PXOM?

Contéstalle a concelleira de Urbanismo, Rocío Aurora Bértoa Puente, que coas sociedades este mes estívose tratando o tema das festas e por iso o PXOM deixouse para máis adiante.

- En relación co anuncio de que ía presentarles os orzamentos antes deste Pleno e como non foi así pregunta, ¿cando se van presentar?

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que tiña a intención de presentar os orzamentos antes deste Pleno pero chegou unha sentenza por feitos ocorridos durante outros gobernos que provocou a modificación do orzamento para poder acatala, do que dará conta. Ese foi o motivo polo que non deu tempo a presentalo.

- ¿Hai algunha novidade respecto dos pasos soterrados e elevados que se xestionou con ADIF para a súa construción?, ¿xa se xestionaron as expropiacións pertinentes?

Contéstalle que, como ben sabe, na Administración as cousas non se fan de hoxe para mañá, así a maior parte das preguntas que fixo hoxe son as do pleno pasado e tamén dille que dun mes para outro non se expropia nada. Estes pasos elevados están aí, grazas a que o PSOE asinou un convenio sen dispoñibilidade de terreos, que é o que esta a facer o actual goberno.

- En relación cos pasos elevados di que o de Perlío é un perigo, está roto por todas partes. É certo que hai uns meses se fixo unha actuación de urxencia pero o deterioro dende entón avanzou moito e di que está moi perigoso, polo que roga que se faga unha actuación moito máis completa, ante a previsión de que os novos pasos tarden, cando menos, 2 anos.

- ¿Hai algunha novidade respecto da demanda que se fixo das obras na rúa da Fraga respecto da substitución do pavimento defectuoso?

Contesta o alcalde que pódese ver que se fixeron uns parches. Di que estivo na Deputación e reiterou a moción que aprobou o Pleno para proceder ao asfaltado total.

- En relación coa posibilidade de conseguir terreos para colocar os depósitos da auga de Magalofes está esgotada polo que pregunta, ¿vaise buscar novos terreos que posibiliten facer esa obra?

Contéstalle o alcalde que aqueles terreos, tan ben xestionados polo goberno anterior e grazas á sensibilidade dun xuíz que denegou o pagamento da factura ao señor ao que se lle encargou mercalos terreos, por medir terreos de seu, non cabe dúbida de que haberá que buscar outra alternativa, que existe e haina, aínda que de momento non hai nada que se poida afirmar.

- Nas últimas Comisións de Facenda houbo 3 correos electrónicos, un corrixindo ao outro, e 2 SMS, e na Comisión de Investigación houbo 2 correos electrónicos. Non entende que se fagan tantas convocatorias e roga que se preste un pouco máis de atención aos órganos municipais.

Contéstalle o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que pide desculpas polos distintos correos enviados.

- Roga que se lles preste un pouco de atención aos alcorques da zona urbana pois están moi desatendidos.

- Roga, en relación coas obras que se fixeron na piscina cara a evitarse nun futuro, que aínda sendo conscientes de que se puxeron avisos das obras houbo usuarios que lle trasladaron as queixas de que a piscina estaba en obras e que non o souberon polo que roga que perseveren nas accións informativas.

Contéstalle o alcalde que as obras da piscina pensa que estiveron ben anunciadas.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, fai os seguintes rogos e preguntas:



- Roga, en relación cos pasos elevados, que se revise tamén o de Barallobre, preto do Ramo que tamén está en mal estado.

- Roga que se revisen os predios privados que están sen limpar para proceder a instar aos propietarios a que as limpen.

- Hai pouco plantouse unha árbore en Marqués de Figueroa xusto debaixo dun farol e supón que dentro dun ano vai tocar co farol, polo que roga que se tomen medidas ao respecto.

- Roga que coa chegada do verán e da temporada de praias se solicite o balizamento das praias de Limodre.

Contéstalle o alcalde que se fixo unha xestión coa capitánía marítima de Ferrol para proceder ao balizamento das praias e díxéronlle que non había unha doada solución porque a inversión en balizas sería bastante custosa. A capitánía autorizaría a súa instalación pero a terían que pagala o Concello. Non obstante non hai problema ningún en volver facer a consulta.

- ¿A desaparición do Consorcio Galego de Benestar vai paralizar a licitación da segunda escola infantil?

Contéstalle o alcalde que estivo na última reunión do Consorcio e falou co xerente que lle dixo que non ía influír para nada porque a partida para a súa licitación é do ano pasado e por iso a licitación e o inicio das obras ía ser rápido. Por iso pensa que non vai influír nada a desaparición do Consorcio.

- ¿Sábese algo dos problemas de limpeza que hai no centro de saúde?

- Hai pouco o sr. Feijoo anunciou nos xornais a ampliación do polígono Vilar do Colo en 700000 metros cadrados, ¿sábese algo disto?

Contéstalle o alcalde que non ten ningún coñecemento e ademais di que o ve moi difícil porque cando estivo a directora xeral do SEPES en Fene díxolle que non pensaban en ningunha ampliación porque aínda hai solo industrial sen vender ao que el respondeulle que non era o caso de Fene, que só ten unha parcela libre. O que non se fixo foi desenvolver os proxectos industriais que levaban aparelados a venda das parcelas e suxiréuselle á directora que si se deberían rescatar aquelas parcelas que non desenvolvidas industrialmente, o que supón un proceso xudicial e a correspondente indemnización e iso de momento non se vai facer.

A voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, fai os seguintes rogos e preguntas:

- ¿Vaise convocar o Consello Escolar antes de que remate o curso?

Contéstalle ao alcalde que si se vai convocar o Consello escolar, pero é complicado pór de acordo a todos os mestres e demais membros.

- ¿Cando se lles vai dar solución aos veciños do bloque de San Valentín polo problema das palmeiras?

Contéstalle ao alcalde que logo de ter o informe do arquitecto técnico e do xardineiro gustaríalle escoitar a opinión dos veciños de San Valentín. Precisamente o vindeiro luns terán unha reunión cos veciños de San Valentín por outro asunto e escoitará tamén a súa opinión.

- Roga que nas Comisións Informativas se silencien os móbiles.

- En relación cos veciños, di que recibiu varias queixas que quere trasladar ao goberno, así roga que se faga unha limpeza das gabias dos camiños; que o Concello inste aos veciños á limpeza da maleza dos predios privados e non ter que esperar á denuncia dos veciños colindantes; hai queixas dos usuarios da biblioteca, estudantes e opositores, para que abra en horario de mañá; existen queixas de veciños polas fochancas da rúa que vai preto da cafetería Teyma; e dos veciños de Barallobre, da zona da Xurreira que está intransitable.

Contéstalle ao alcalde que en relación coas queixas da limpeza dos predios privados tamén veñen moitos veciños polo concello e pensa que débeselles aclarar aos veciños que o Concello, entre lindes privados, non pode actuar, é dicir, pode actuar por cuestións de seguridade e salubridade, e por cuestións de prevención de incendios forestais dentro da franxa que marca a Lei. Isto está a pasar porque os veciños veñen polo Concello habitualmente.



- Roga que se arranxen as losetas das beirarrúas de San Valentín, na zona das palmeiras, que están levantadas e moitas en punta.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20.25 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario accidental

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García